

## A POSGUERRA EN BOIRO



## EXILIO E RESISTENCIA DESDE O EXTERIOR

### A HISTORIA DUNHA DERROTA

As dificultades da resistencia interior fixeron que unha parte importante dos opositores ao réxime franquista se trasladase a América. Así, centos de exiliados ( persoas expatriadas dun territorio por motivos políticos) tiveron refuxio nesas terras. Esta resistencia tería dúas etapas ben diferenciadas: antes e despois da conclusión da II Guerra Mundial.

Durante a Guerra, os exiliados mantiveron a esperanza de que a vitoria das forzas democráticas contra os fascismos daría tamén lugar á caída do franquismo instalado en España. Nese contexto xorde o Pacto Galeuzca, proxecto de coordinación das comunidades vasca, catalá e galega, coa finalidade de asumir un forte protagonismo chegado o momento de reinstalación da República. Constitúese entón o Consello de Galiza, plataforma política con carácter representativo da Galicia Republicana, que se presenta como único interlocutor válido coas demais forzas do estado español.

O Consello, especie de goberno galego, tiña a misión de defender os dereitos de Galicia no exilio. Castelao foi nomeado o seu Presidente e conseguiu a aprobación do Estatuto de Autonomía polas Cortes Republicanas reunidas en México. Despois da morte de Castelao en 1950, o Consello entrou nun manifesto declive.

A desmoralización dos exiliados en América aumenta a medida

que se decatan de que o réxime franquista vai prolongarse no tempo logo da Segunda Guerra Mundial. Unha situación que eles pensaban como pasaxeira, tórnase definitiva e as posibilidades de volver a Galicia son cada vez menores. Este proceso de pesimismo vital vai ser excepcionalmente recollido polo profesor e académico rianxeiro Xosé Luís Axeitos nos seus libros: "Os escritores do exilio republicano" e, sobre todo, en "O exilio galego: un mapa de cicatrices"

Sinala Axeitos, que "o exilio comporta, ademais do sentimento de ausencia, un compoñente ético e moral, e viva consciencia política que leva a unha loita por mudar a situación na patria perdida". Fronte á palabra emigrante, exiliado quere facer fincapé na expulsión, no apartamento da terra por motivos políticos. O exiliado sente unha profunda necesidade de testemuñar a súa vida, polo que a memoria como contraria ao esquecemento, convértese nun elemento fundamental da existencia.

Lorenzo Varela ( 1916-1978), o noso homenaxeado nestas Letras Galegas, paseou polo mundo o sentimento da derrota, a irracionalidade dunha vida expulsada dos seus contornos naturais, a traxedia persoal dun poeta, un "ferido de guerra", obrigado a vivir lonxe da súa terra.

Alumn@s de 2º de bacharelato B



## MEMORIA DA POSGUERRA EN BOIRO

### A HISTORIA DO MEU AVÓ

Ismael Amor Vidal

Un caso concreto dunha persoa que sufriu as consecuencias do franquismo foi o meu avó Xosé. Na ditadura franquista, toda persoa que tivese ideas diferentes ás do réxime era perseguido, encarcerado ou fusilado, e isto é o que lle aconteceu ao meu avó, aínda que ao final tivo sorte e non chegou a ser executado. Esta é a súa historia.

El era un obreiro que vivía en Rianxo coa súa familia. Tiña as súas ideas políticas, como calquera outro, pero coa subida ao poder de Franco converteuse nun “roxo”, un contrario ao réxime polas súas ideas de esquerdas. Seguramente as forzas franquistas suberon das súas ideas por algún veciño seu que se chibou, posto que nun pobo pequeno todo se sabe. Ó perseguido a garda civil, agochouse na casa dun amigo, pero acabaron por collelo e encarcerárono. Pasou seis meses no cárcere, onde recibiu numerosas malleiras e viu cousas que non se lle esquecerán na vida, como a malleira que lle meteron a un compañeiro ata matalo.

Logo de seis meses no cárcere, unha mañá sacárono de alí e metérono nun camiión xunto a outros moitos presos que ían ser levados a algún lugar afastado no monte para ser executados.

A sorte que tivo o meu avó foi que o seu pai, que era unha persoa de moito diñeiro naquela época, conseguiu falar cun alto mando da garda civil, ao que subornou dándolle unha grande cantidade de diñeiro a cambio de que liberase ao seu fillo e o deixase marchar. E así foi. Cando o camiión se dirixía ao seu fatal destino con todos os presos a bordo, parouse nunha beira do camiño, un garda civil chamou polo nome ao meu avó e díxolle que baixara. El fixo o que lle mandaban. Cando baixou, o camiión seguiu o seu camiño cos presos. Todos foron executados.

O meu avó volveu á casa, aínda que seguiu tendo problemas coas forzas franquistas.

### XOSÉ

Benjamín Vázquez Silva

Toda esta información que vou expor de seguido contouma o meu avó como un favor persoal, e digo como un favor porque a moitas das persoas nadas naqueles anos inculcáronlles un medo tal, que aínda hoxe en día, despois de varios anos de democracia, perdura neles.

O que lle aconteceu a Xosé dáse unha vez que o réxime franquista está instaurado e acontece da seguinte forma:

Xosé era republicano, pero debido á dura represión que se deu na posguerra, estas ideas non podían ser expostas. Por iso Xosé ocultaba a súa maneira de pensar. Pero os veciños, que eran contrarios ás súas ideas, e tiñan envexa de Xosé por ser un home traballador e manter un nivel de vida superior á media do pobo, delatárono. Un día chamaron á súa porta e apedrárono ata deixalo xordo dun oído. A segunda vez que chamaron a Xosé foi logo de unha longa xornada de traballo para a construción dunha estrada. Cando esta estivo rematada chamaron a todos os traballadores de un en un para obsequialos cunha “recompensa”.

O premio foi a malleira que recibiron todos e cada un dos traballadores participantes na construción da estrada; todos eles castigados polas súas ideas republicanas.

### AS PRIMEIRAS PARTIDAS GUERRILLEIRAS

Patricia Gómez Fernández

O Confurco foi un lugar moi transitado por moitos escapados e polas primeiras partidas guerrilleiras organizadas na Serra do Barbanza polos fuxidos, entre elas a do Curuxás, afiliado á CNT – a quen lle mataron un irmán no Confurco – co barreneiro Saavedra e cunha partida de cinco homes máis, todos de Redondela. Planearon liquidar a un dos individuos que máis mortes fixera ou mandara facer en Boiro, pero saíulles mal a tentativa porque ese home andaba moi protexido e practicamente non durmía sabendo que ían ir a por el.

Noé, seguindo ordes do Ministerio da Guerra e do seu propio partido organizou a resistencia que lle foi posible, subindo e baixando desde o seu acocho nunca casa do Caramiñal ata a Serra do Barbanza e as praias, con corenta e dous homes que seguían a carón del asistidos e mantidos polos labregos das aldeas e polos familiares e amigos das vilas. Deses homes, en agosto de 1937 só quedaban vinte.

Polas Serras e as aldeas onde tiñan apoios, refuxios e comida, andou na posguerra O Foucellas, que ten estado algunhas veces na casa de José Benito Segade, na Boliña, cando este andaba agochado, brindándoselle o Foucellas a axustizar aos paseadores máis activos, represalia que o galeguista de esquerdas e léxítimo segundo alcalde de Boiro, con criterio máis humanitario cos seus inimigos, non aceptou nunca.

### TEMPOS DE MEDO

Rodrigo Pérez Lago

Mamá saía tódalas noites aí polas doce, eu non sabía onde ía, pero choraba porque tiña medo a que non volvera, tiña moita curiosidade por saber a onde se dirixía de noite pecha. Ata hai pouco non o sabía, pero agora sei que ía onda meu tío, ipobre home!. Sei del que estaba agochado no monte Barbanza, debaixo dunha pedra. Miña nai subía tódalas noites dende Escarabote para levarlle algo de xantar.

Despois de moito tempo agochado disque se foi entregar ó cuartel da Garda Civil de Boiro, mal fixo, porque o levaron a Santiago, e alí, nun cemiterio e contra un paredón foi fusilado, e de paso xa, enterrado.

Nacín o 23 de xullo de 37, a guerra civil non a vivín de cheo pero si sei cousas e outras acórdooas, meu pai Ramón non foi á guerra pero fixo o servizo, era mariñeiro e miña nai Juana traballaba na conserva na Riveiriña, na “Rábajo y Barreras” a onde 13 anos despois de nacer tamén iría eu.

Teño visto pasar por diante dos meus ollos ó grande, nós quedabamos pamos cando viamos chegar aquel séquito de coches á nosa aldea, era o Caudillo, Franco. Gritabamos no seu favor, era o que mandaba, era el, non había rei, todo o era el.

Ía camiño de Ribeira recibir as fragatas que chegaban a porto, había de ser xente de carto, pois de todos é sabido que daquela ninguén tiña unha fragata.

Tamén era amigo o Sr. Franco de vir ás troitas, viña ó Ulla, á altura de Carcacia a 5 km de Padrón. Por aquí eran as novas que tiñamos del, despois non sabiamos máis que que el era o máis grande e que nos levaba polo bo camiño.

Pasabamos moita fame, miña nai collía as caixas, poñíaas na cabeza e ía dende o peirao a Tállara e Noia vender aló o peixe. Pagábanlle o valor do mesmo en cartos e á parte tamén lle daban o que lle chamabamos “a pagha”. Dábanlle pan, aceite, azucre, patacas...todo era ben recibido pois á parte de xa haber pouco que comer aínda existían as cartas de racionamento; aquelas nas que nos era anotado as pequenas doses de cousas ás que tiñamos posibilidade de chegar, o pan o aceite, o arroz..., para todo había un tope de cal non se nos permitía pasar. O pan íámolo buscar ás Ministras a Boiro, mentres que o estanqueiro na Ghaboteira, íamos buscar aceite, arroz, un patacón de sal, unha cuarta de aceite, todo era cuñado e non se nos deixaba levar máis. Por todo esto a importancia da “pagha”.

Ía á escola, nun principio á escola Nacional, pero cando naceron meus irmáns David, Ana e Ramón non me quedaba outra que acudir á escola de Serafín o Rato, na Ghaboteira. Ía de noite e pagando, pois ter que estar ó coidado dos meus irmáns non me permitía ir de día.



Unha desas mañás na que eu quedara na casa axudándolle á miña nai, presenciei para min un dos apartados máis tristes do goberno de Franco. Vin como unha parella da Garda Civil mallaba en miña nai, culpaban a meu pai de roubar cartos no Sindicato. Meu pai Ramón estaba nun deles que miraba polo ben do pobo. A meu pai levárono para o cárcere en Boiro, cando miña nai foi na súa busca recibírona con outra malleira e tamén a meteron no cárcere. Menos mal que o doutor Santos Mieites soubo o caso e interveu ; meu pai e miña nai foron liberados.

Pegaban por todo, a xente calaba, aí daquel que abrirá a boca!

Ós catorce anos empecei á fábrica, tamén en “Rábajo y Barreras” como miña nai. Traballaba das oito da mañá ás catro tamén da mañá e cobraba un peso á semana, cinco pesetas das de antes, que daba para o pan, o azucre e ata para o caldo. Todo o comprabamos ó cambio da moeda, unha peseta, tres reais, un patacón, dous patacóns... Unha perrachica era medio patacón; un real eran dous patacóns e medio; dous reais eran cinco patacóns, unha peseta eran catro reais, un peso eran cinco pesetas e cinco pesos eran vinte e cinco pesetas.

Pero á parte de traballar na fábrica, ir á escola, axudar na casa e ir ó campo cando facía falta, aínda ía tamén ó volframio. Ir ás minas era un traballo duro pero polo que se sacaba unha boa recompensa. O volframio querían os alemáns para os canóns e as súas armas, ou polo menos segundo me ten contado o meu neto. Estiven nas minas de Villablanca na do Monte da Serpa, nas Minas de Montaña e en moitas máis, pois como eu e moitos da miña quinta sabemos, a parroquia de Lampón está completamente minada, e garda baixo de si, un gran número de canles que se comunican entre si. Pero tamén íamos ó río a Montañó, a limpar areas, pois alí, tamén se atopaba daquel case que “ouro” tan prezado.

Foron tempos duros, nos que recoñezo que polo menos eu, e coma min moitos, vivimos enganados polas mentiras que uns poucos nos querían facer chegar. Había fame e miseria, pero o peor era o medo no que viviamos constantemente, o medo a falar, o medo a actuar, e en definitiva o medo a vivir, un dereito que agora todo o mundo ten como algo fundamental, antes éranos negado.





## LORENZO VARELA

### "O ARXENTINO"

#### UNHA VIDA NO EXILIO E UN RETORNO SILENCIOSO.

A Real Academia Galega decidiu, por maioría aínda que non por unanimidade, dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2005. Foi un intelectual galeguista, poeta e sempre vinculado ó xornalismo. Varela, intelectual do 36, cunha enorme traxectoria persoal e profesional, estivo marcado pola Guerra Civil e polos sucesivos exilios a unha e outra beira do Atlántico.

Nace nun barco cando a súa nai se dirixía cara á Habana. Pasa a súa infancia en Buenos Aires pero a súa adolescencia viviu en Lugo. En 1935 trasládase a Madrid e alí comeza a carreira de Filosofía e Letras. Na capital afianza o seu compromiso social e cultural, é unha etapa chea de actividades intelectuais e políticas. O golpe de estado de Franco obrigao a loitar como voluntario á fronte da batalla pola República na Guerra Civil española. Mentres combatía tiña tempo para escribir e dirixir distintos xornais destinados ós combatentes. Percorrerá as distintas fronteiras de batalla combatendo coas armas e coa palabra. A derrota lévao a un campo de concentración francés e de alí parte ó exilio ata México onde consegue retomar o seu traballo literario, máis tarde pasa a Buenos Aires, lugar de refuxio ata 1944 e tamén lugar da súa produción poética, de aí que se considere poeta do exilio. Así en 1944 publica a súa primeira obra en galego: *Catro poemas para catro gravados*, poemario que foi coñecido co nome de *María Pita e tres retratos medievais* ó formar parte dunha obra de ilustracións de Luís Seoane. Roi Xordo, o bispo Adaúlfo e María Balteira son os outros tres protagonistas medievais do poemario, cun marcado carácter historicista e nacionalista. O seguinte libro foi *Lonxe*, texto de carácter social nun ton de denuncia contra o franquismo no que gusta do verso libre, da graza musical, da liberdade de construción e do rigor da coherencia interna en cada poema.

A represión política en Arxentina tralo golpe de estado de Videla acelera o seu retorno a España. A súa terra acólleo con indiferenza en plena transición democrática. Así para as novas xeracións é un auténtico descoñecido.

Nesa soidade, contando coa axuda de poucos amigos e compañeiros, morre en Madrid en 1978 e o seu corpo foi soterrado en Monterroso (Lugo).

Os poemas escritos ó longo dos últimos anos recompilounos Seoane co título de *Homaxes*, percibíndose nel a derrota, o desconcerto, o sufrimento, a morte e a franca fidelidade co País e cos amigos.



#### MARIA PITA

##### I

María das batallas,  
levarei-che unha frol por cada bala;  
i unha cunca de leite  
arrebuxada en neve  
pra che curar a sede.  
Sede mortal, varona, a desta pátria:  
queima no peito con ardente brasa!

##### II

María das batallas,  
darei-che un reiseñor por cada bala,  
i unha estrelíña nova  
no berce dunha dorna,  
nua, espida, graciosa:  
Varona dos meus ollos, unha estrela  
que ti ganache, poderosa e leda.

##### III

Muller da soberana libertade,  
os artilleiros dan-che alferezia  
e fai-te o mar patrona da cidade.  
Din as miñas campanas, escoitade,  
de monte a monte e máis de ría a ría:  
O bronce meu, teu bronce foi María.

Lorenzo Varela, *Catro poemas pra catro gravados*, 1944.





## “O GALO”

Vai na brétema o gando,  
o rapaz vai na brétema.  
Brétema arriba, brétema abaixo  
o canto do galo.

Vai na auga o gando,  
o rapaz vai na auga.  
Pola auga arriba, pola auga abaixo  
o canto do galo.

Vai na noite o gando,  
o rapaz vai na noite,  
pola noite arriba, pola noite abaixo  
o canto do galo.

Vai no soño o gando,  
o rapaz vai no soño.  
Polo soño arriba, polo soño abaixo  
o canto do galo.

O gando e o mozo  
o mozo e o gando,  
sentían arriba, no hórreo do peito,  
sentían debaixo, no valado da alma,  
a chirimía de cristal doente  
do canto do galo.

Vai na morte o gando,  
o rapaz vai na morte.  
Pola morte arriba,  
pola morte abaixo  
o canto do galo.

Lorenzo Varela : de Lonxe



## “LONXE”

I

Dourados peixes, flores amarelas,  
coronarias do monte, tremoeiras da mar:  
¿onde verei a lúa das eiras que gardades,  
ou serea das ondas, ou fada das lamelas?  
¿Onde meus carros, miñas dornas, onde  
ouvirei no meu peito enguedellado  
a cántiga do merlo nos outeiros,  
na baixamar o tremecer da auga?  
¿Onde terei na man, a man fidalga dela  
debaixo dun castiro de ponlas enxoiadas?  
E este meu corazón, ¿o meu corazón onde?  
acougará sin vós, levándovos adentro?  
¿Onde, meus peixes, miñas flores, onde?

II

Dourados peixes, flores amarelas:  
lonxe de nós, ¿onde deixa-los ósos,  
onde deixa-la morte que vos debo?  
¿Que queredes de min, que me chamades  
e despois vos marchades sin levarme?  
¿Onde me agardaredes, compañeiros?  
¡Xa veu o tempo de que as flores falen,  
xa veu o tempo de que os peixes digan!

III

Dourados peixes, flores amarelas,  
cando soño con vós nácenme verdes,  
azules carballeiras que me arrolan  
nun alto estrelecer sobor da noite,  
nunha neve romeira trala vida.  
E vou, lonxe de vós, inda mais lonxe,  
pra vos lembrar mellor, mais docemente,  
o mesmo que un pandeiro que caíra,  
baixara dando tumbos  
desde o berce do monte alboreado  
ó cadaleito, xa sin fin, da mar:  
lonxe de vós, inda mais lonxe. Lonxe.Lonxe.

Lorenzo Varela : de Lonxe.

## A LITERATURA GALEGA NO EXILIO

A ditadura franquista impuxo unha política uniformadora destinada a suprimir todo elemento de identidade nas nacionalidades históricas. O idioma galego foi obxecto dunha implacable persecución. Durante anos, a súa utilización escrita considerouse como un delito e como síntoma de "barbarie" e "mal gusto" a súa utilización na fala. Na administración, na igrexa, na escola, na prensa, na radio ou na televisión, empregábase exclusivamente o castelán. Con esta marxinação, o franquismo procuraba que os habitantes de Galicia perdesen a súa identidade.

Moitos foron os que seguiron hora a hora a guerra, os seus motivos e os ideais de ámbolos dous bandos desde o exilio que tivo os seus focos máis importantes en México, Venezuela, Cuba, Brasil, Uruguai, pero será a capital de Arxentina, Bos Aires, a que se converta na capital da outra cultura galega. Os exiliados da nosa terra atoparon alí refuxio: Castelao, Blanco Amor, Rafael Dieste ou Luís Seoane. O seu labor no eido da cultura foi notable: crearon editoriais nas que se publicaron libros en galego ou con temática galega, así como xornais, revistas literarias ou programas de radio de contido cultural galego.

Entre os exiliados estaba o noso homenaxeado deste ano 2005, o poeta Lorenzo Varela.



O poeta Luís Pimentel é o autor do poema "Cunetas" cuxo tema central é a represión en Galicia durante a guerra civil. Arredor deste tema central xiran tódolos demais como o silencio temeroso, o terror, a identificación dos que sofren cos que aman a Galicia, a especial persecución de mestres e obreiros, o pranto cotián das mulleres ante os cadáveres dos seus homes...

O título de "Cunetas" fai referencia ás horribles formas criminais, moi practicadas durante a guerra civil, de eliminar as vítimas polas estradas e deixalas tiradas nas cunetas. De aí que recibiran o eufemístico e irónico nome de "paseos".



## CUNETAS

de Luís Pimentel ( Lugo, marzo 1937)

¡Outra vez, outra vez o terror!  
Un día e outro día,  
sen campás, sen protesta.  
Galicia ametrallada nas cunetas  
dos seus camiños.  
Chéganos outro berro.  
Señor, ¿qué fixemos?  
-Non fales en voz alta-.  
¿Hasta cando durará iste gran enterro?  
-Non chores que poden escoitarte.  
Hoxe non choran máis que os que aman a Galicia-.  
¡Os milleiros de horas, de séculos,  
que fixeron falla  
para faguer un home!  
Teñen que se encher aínda  
as cunetas  
con sangue de mestres e obreiros.  
lama, sangue e bágoas nos sulcos  
son semente.

Docemente chove.  
enviso, arrodéame unha eterna noite.  
Xa non teréi palabras para os meus versos.

Desvelado, pola mañán cedo  
baixo por un camiño.  
Nos pazos onde se trama o crimen  
ondean bandeiras pingando anilina.  
Hai un aire de pombas mortas.  
Tremo outra vez de medo.  
Señor, isto non é o home.  
Todas as portas están pechadas.  
Con ninguén podes trocar teu sorriso.  
Nos arrabás,  
bandeiras batidas i esfarrapadas.  
deixa atrás a vila.  
Ti sabes que todos os días  
hai un morto na cuneta,  
que ninguén coñece aínda.  
Unha muller sobre o cadáver do seu home  
chora.  
Chove.  
¡Negra sombra, negra sombra!  
Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,  
máis alá da néboa,  
máis alá do mar,  
máis alá da chuvia,  
máis alá do bosque.